



Lingua galega e literatura 2ºBAC



JAVIER GARCÍA TOREA
IES San Paio



O CURSO

INTENCIÓNS

Estás a punto de comezar Segundo de Bacharelato, o único curso desde que iniciaches os estudos que conta cunha proba final: a Proba de Acceso á Universidade (PAU). Ese será desde hoxe o noso obxectivo e para alcanzalo debemos cambiar a nosa mentalidade a respecto do que é educación.

É por iso que esta materia condena radicalmente a aprendizaxe memorística, a repetición absurda de datos irrelevantes e a posibilidade de aprobar sen saber nada. No seu lugar optamos polas destrezas, polas habilidades e polas competencias. Buscamos unha mudanza na forma de construír pensamento e, en consecuencia, unha nova forma de aprender.

Se estás lendo isto, debes saber que para superar esta materia tes que reflexionar, relacionar, intepretar e, en definitiva, pensar.

Benvidas/os e boa viaxe.



cuestións
xerais



A CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Cando falamos da materia de Lingua Galega e Literatura, polo xeral, tendemos a pensar en coñecementos filolóxicos e literarios (o complemento directo, a aliteración, a formación do plural...); porén, escápasenos do foco a cuestión máis importante da materia: dominar o código.

Un dos piares fundamentais deste curso será mellorar a escrita, tanto do punto de vista ortográfico e morfolóxico como textual. Nas PAU, un 20% da cualificación está reservada á corrección lingüística, por tanto, non perder puntos no que chamamos 'faltas de ortografía' é un paso importante para alcanzar os obxectivos.

EN QUE FALLAMOS?

A maioría de erros que se len nun exame de Lingua na ESO ou no Bacharelato teñen un denominador común: a influencia do castelán no sistema lingüístico galego. Aínda que pode haber problemas na acentuación ou na ortografía, a presenza de castelanismos é, nun curso coma este, o foco de erros máis grande e que cómpre pórllle solución desde un primeiro momento.

Alén disto, tamén será fundamental mellorar a capacidade escrita. Crear textos máis coherentes, mellor cohesionados e cunha mellor estrutura será un traballo longo que só se alcanzará a través do ensaio-erro. Para escribir mellor só hai un segredo: escribir moito.

TODOS OS ERROS SON IGUAIS?

De acordo coas normas propostas pola Comisión Interuniversitaria de Galiza (CIUGa) non se deben considerar da mesma maneira todos os erros ortográficos e morfolóxicos. Nas normas de corrección aparecen explicitados da seguinte maneira:

- Erros moi graves (x2)
 - Mala colocación do pronome átono
 - Uso de verbos compostos
 - Uso de anacolutos
- Erros graves
 - Castelanismos léxicos
 - Acentuación diacrítica
- Erros leves (x0,5)
 - Erros de acentuación
 - Uso de maiúsculas
 - Ortografía do b/v, h, cc, ct...

Mans á obra!

Corrixe os erros que atopas nos seguintes enunciados.

- A obra reflexa rasgos expresionistas e presenta unha mezcla interesante doutros ismos.
- Pode que o desenrolo de este pais se vea frenado pola crisis actual.
- A pérdida de calor non supoñe nengún problema en esta instalacion.
- A descripción desa escultura amosa moitas desventaxas con respecto a outras que teño.
- No siglo XX se reanudaron os Xogos Olímpicos tra-la II Guerra Mundial.
- Non podíamos arriesgarnos a aislar o paciente en aquelas condicións.
- Os veciños do terceiro non ivan de excursión en verán porque traballaban nun bar.
- Iso pasoulle por decir que a proba había sido moi fácil.
- O camiño á casa ven paralelo ó río dende Trabada, que se colle baixo a ponte medieval.
- Aínda que sea pequeno, creo que vai a ter que pagar entrada.
- En canto se produzca o contacto dos pólos, a lámpada iluminarase.
- O director castigounos por haberlle mentido sobre o caso do coche raiado.
- Non parece que estes cables estén estragados, pero vámolos cambiar.
- Ninguén soupo nunca por que había pasado aquilo.
- Desde o seu balcón non se veía o hotel onde durmían os seus pais.
- Foi naquela curva onde se produxo o atropelo que mandou a Francisco ao hospital.
- O noso equipo só consigueu tres vitorias nesta liga pero coñecemos moitas vilas.
- Non fai falla que incluía eses datos no formulario.

Mans á obra!

Corrixe os erros que atopas nos seguintes enunciados.

- Diante miña se erguía aquel gran edificio do que me habían falado.
- Se sabe iso por que os libros dino moi claramente.
- Olvideime de que Helena soe durmir po-las tardes e a espertei sin querer.
- Según as autoridades chinas, onte executaron a un home por roubar polos nunha granxa.
- Non vin a Pedro esta semana; ademáis xa fai tempo que non ven por aquí.
- Mañán vai a haber dous competicións de atletismo no pavillón.
- Díxolle as súas amigas que nadie iba por alí.
- Din que obra se basa nun desenrolo do argumento da sua novela.
- Despóis xa non se pode mezclar con auga se non se añade antes outro disolvente.
- Non estou dacordo coa descripción que fixeron de mín.
- Durante este verán douse de conta que ti non aportabas nada a asociación.
- Mentras eu fago isto, vai xunto con teu irmán a tenda a comprar o azucre.
- Casi non chego a tempo a donde me mandaron por mor do tráfico.
- Na reunión vecinal vaise plantear un problema que hay no tellado do edificio.
- Según as autoridades, a búsqueda resultou infructuosa.
- Non debemos olvidar que o aporte calórico das graxas é moi elevado.
- A casa recién construída presenta bastantes inconvintes que non se previran nos planos.
- Na vila solíamos respetar os venres de vixilia ata que morreu Franco.
- Fai anos non había problema algún con estos veciños, pero agora son unha lideira.
- O alumnado non debe vir sin certificación de estudos e unha copia da mesma.
- O consumo de alcol ao volante conleva a poñer en peligro a vida dun e a dos demáis.

Mans á obra!


Anacoluto: construción sintáctica incoherente froito dunha alteración inesperada. Exemplo: As termas de Outariz, quen vai, gústalle! → As termas de Outariz gústanlle a quen vai.

Corrixe os anacolutos e erros de cohesión presentes nas seguintes oracións.

- O coche que está aparcado diante da casa, xa non funciona moi ben, e tamén os faros.
- Cando chegamos ao restaurante, a mesa que reservamos non estaba preparada e nós tivemos que esperar, ademais, que non había sitio para todos.
- A nova reforma do edificio, que se anunciou a semana pasada, o orzamento supera o previsto e, así, xa non se poderán facer algúns dos cambios.
- O informe que presentaremos mañá, que debería estar listo desde hai semanas, por causas imprevistas non está rematado e, polo tanto, haberá que facelo á última hora.
- A reunión deste mediodía, onde se discutiron varios temas importantes, e, entre eles, a proposta para o novo proxecto.
- Se a festa de aniversario, que tanto esperábamos, non se celebra, non saberemos que facer e por tanto non temos un plan alternativo.
- O libro que estou lendo, moi interesante e, ademais, recoméndollo a todos os meus amigos, é difícil de atopar en librarías.
- A nova xestión do equipo, que estaba prevista para hoxe, despois do que aconteceu co anterior adestrador, non se levou a cabo como se esperaba.
- O concerto de música clásica que se celebrará no auditorio, e que atraeu a moita xente, teremos que ver se hai entradas dispoñibles.
- O proxecto de renovación do parque, que comezou a principios de ano, os traballos que están a medio rematar, terá que ser revisado.



pregunta 1 comunicación



“Un libro debe ser a machada que rompa o
mar xado que hai dentro de nós”

Franz Kafka



EN QUE CONSISTE A PREGUNTA 1?

Esta pregunta fundaméntase no coñecemento das distintas tipoloxías textuais e na comprensión destas. Terás sempre un texto de referencia e, en base a este, deberás responder as preguntas que se formulen. A final de curso terás que dominar as seguintes habilidades:

Esquematzar

A partir dun texto dado debes elaborar un esquema. Este esquema debe reflectir a estrutura e os elementos principais do texto, destacando as ideas centrais e os detalles máis relevantes.

Resumir

Nas probas vas ter que elaborar resumos, estes deben ser concisos e claros, capturando a esencia do texto orixinal sen perder detalles importantes. É fundamental identificar as ideas principais e os argumentos claves, deixando de lado a información secundaria que non contribúe á comprensión xeral do texto.

Definir palabras


Outra das habilidades requiridas consiste en definir palabras ou locucións nun contexto determinado. A definición ten que ser coherente, seguir uns parámetros concretos e adecuarse ao significado que posúe no texto.

Analizar a tipoloxía textual e o xénero discursivo

Saber distinguir os xéneros e tipoloxías textuais é fundamental para ler ben e interpretar adecuadamente os textos. Opinión ou información? Exposición ou argumentación? Este tipo de disxuntivas deberemos resolvelas neste apartado.

Examinar mecanismos de cohesión

A última cuestión fai referencia á cohesión. Como se consegue que o texto estea ben cohesionado? Que tipo de marcadores discursivos se usan? Como se evitan as repeticións de palabras?



Texto de exemplo

Proba de Acceso á Universidade (2005)

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional (“para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés, etc. ”), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou suficiente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas.

As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo e resiste a calquera análise simplificadora. De entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde. (...) No outro extremo, a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito. Como calquera outro reparto de riqueza, o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.

Teresa Moure, 2003

O TEMA

O tema fai referencia á idea central dun texto. A resposta esixe cumprir dous obxectivos: a correcta comprensión do texto e a capacidade de sintetizar o seu contido nun enunciado breve e claro. Unha única palabra non abonda para expresar o tema dun texto, pero unha fórmula útil pode ser a seguinte: buscar a palabra **abstracta** que mellor sintetice o texto e engadirlle os complementos que a especifiquen [**artigo + substantivo abstracto + complementos**]

Exemplo: O desprestixio do multilingüismo e as desigualdades entre linguas.

O TITULAR XORNALÍSTICO

O titular correspóndese co encabezamento dunha noticia e, xeralmente, ten unha finalidade persuasiva; isto é, a función dun titular é chamar a atención dos lectores. Expresarémolo nunha palabra, frase ou oración, tendo en conta as seguintes motivacións: anticipar o contido, insinuar o tema, dar relevo a un personaxe, intrigar ao lector... A redacción do título debe ser breve e estar relacionado co tema do texto.

Exemplo: O monolingüismo non é o normal

O ESQUEMA

O esquema é unha ferramenta esencial para sintetizar e comprender texto e, mesmo, para estudar de forma máis eficiente. Para a súa elaboración débense extraer máis importantes do texto para representalas de forma xerárquica. Neste tipo de textos debemos optar por oracións simples e directas que nos axuden a sintetizar ao máximo o contido. Tamén se evitará o erro de establecer moitas ideas con excesivas subdivisións, posto que este esquema debe permitírnos captar a simple vista o que quere transmitir o texto.

Exemplo:

- *Visión social do multilingüismo*
 - *Influencia do sistema escolar*
 - *Considerado un problema e non unha riqueza*
 - *O monolingüismo non é normal*
- *Desigualdade entre linguas*
 - *Convivencia non equitativa*
 - *Linguas con moito prestixio*
 - *Linguas que sobreviven en precario*
 - *Responsabilidade colectiva*

O resumo

Na nosa vida o resumo está moi presente. Cando imos ver un filme ao cinema, por exemplo, facémolle un resumo ás nosas amigas para indicarlle cal era a trama; se alguén nos pide unha recomendación de restaurante na cidade, tamén lle facemos un resumo de cales son os mellores e que se come en cada un deles. Por tanto, resumir é, sen dúbida, unha das grandes habilidades que debemos dominar.

Resumir un texto consiste en abreviar outro de maior extensión, sinalando as ideas esenciais e prescindindo do que ten menor importancia. Avaliase a comprensión e capacidade de síntese, ademais da habilidade para achegarlle unha coherencia e un sentido único ao novo texto.

CUESTIÓNS CLAVES NUN BO RESUMO

1) **BREVIDADE:** O resumo debe ser breve, normalmente un quinto do texto total. Nas probas de PAU establécese unha extensión de 60 palabras.

2) **CLARIDADE:** A expresión do resumo debe ser clara e concisa. Debes usar unha linguaxe entendíbel e non achegarlle xiros literarios que impidan a correcta comprensión do texto.

3) **OBXECTIVIDADE:** O resumo debes representar de forma obxectiva as ideas presentes no texto, sen apreciacións persoais nin opinións propias.

4) **PERSONALIDADE:** O resumo debe ser persoal e debes evitar, sobre todo, extraer citas textuais ('fusilar'). O resumo debe ser unha reformulación propia dun texto dado.

DOUS ESTILOS DIFERENTES

O sistema educativo móstranos o monolingüismo como modelo ideal, ignorando que o multilingüismo é o patrón común na maioría de estados do mundo. Ademais, este non se considera unha riqueza senón, máis ben, un problema. Por outra parte, a convivencia entre idiomas nos distintos estados é desigual. Hai linguas que gozan dun gran status mentres outras sobreviven sen apenas medios de promoción. A responsabilidade colectiva é fundamental para o mantemento da diversidade lingüística.

O texto trata sobre a visión que ofrece o sistema educativo respecto ao monolingüismo e o multilingüismo. En primeiro lugar, a autora afirma que se presenta o monolingüismo como modelo ideal, malia que o multilingüismo é o máis común a nivel mundial. A continuación, sinala que este non se ve como unha riqueza senón como un problema. Ademais, destaca que a convivencia entre linguas é desigual, xa que algunhas teñen privilexios e outras apenas medios de difusión. Finalmente, a autora chama á responsabilidade colectiva para manter a diversidade lingüística.

A definición de palabras

A elaboración de definición resulta moi útil para avaliar o coñecemento que o noso alumnado ten do léxico. Ademais, tamén nos deixa ver como é capaz de transmitir información a respecto dunha palabra concreta. Non se exige unha definición lexicográfica rigorosa, senón a demostración de que se coñece ese significado e a capacidade de expresalo correctamente. Non serán válidas as respostas só con sinónimos ou a tradución a outra lingua.

COMO SE DEFINE UNHA PALABRA?

A forma de definir as palabras varía segundo a clase de palabra que esteamos a definir. Non definiremos igual un substantivo ca un verbo. Alén disto, debes evitar as expresións baleiras como “é cando”, “é como”...

1) **SUBSTANTIVOS**: Pódese iniciar a definición cun hiperónimo ou termo de significado xenérico no que se inclúe o termo definido: persoa, animal, obxecto, sentimento, actitude, substancia, virtude, calidade, situación, habilidade... Posteriormente, indícanse as súas características máis representativas: utilidade, orixe, cor, forma, tamaño...

- *Limón*: froito do limoeiro, de forma ovoide, casca amarela e sabor agre.
- *Ditador*: persoa que asume todos os poderes e non permite a oposición ao seu goberno.
- *Lealdade*: calidade de leal.
- *Escaseza*: situación de falta de algo.

2) **ADJECTIVOS**: Para definir os adxectivos usaremos fórmulas como: que + verbo do que deriva, dise de..., aplícase a..., pertencente ou relativo a...

- *Enxeñoso*: que ten enxeño ou habilidade
- *Basto*: que está moi xunto ou apertado.
- *Tecnolóxico*: pertencente ou relativo á tecnoloxía.
- *Sabido*: que sabe ou entende moito.

3) **VERBOS**: Unha maneira de definiilos é empregar unha forma verbal sinónima e detallar algo máis o seu significado.

- *Mesturar*: xuntar ou unir varias cousas distintas.
- *Caer*: vir abaixo un corpo polo seu propio peso.
- *Fitar*: mirar fixamente para algo ou alguén.

4) **ADVERBIOS**: Pódese recorrer ás fórmulas: en..., con..., de maneira...

- *Fóra*: no exterior do tempo ou do espazo.
- *Apasionadamente*: con paixón.

Practica...

Tras coñecer un adianto dos datos da **enquisa** do Instituto Galego de Estatística (IGE) sobre uso e coñecemento do galego (2023), non é **doado** escoller a palabra que mellor representa a situación de retroceso que sofre a nosa lingua. Unha **catástrofe** representada pola porcentaxe histórica de 53,77% de castelanfalantes que superan a de 46,23% de galegofalantes ou por esoutra non menos alarmante de 80,79% do alumnado de **ensino obrigatorio** menor de catorce anos que nunca emprega o galego de forma habitual, o que supón apenas un colectivo de 31.000 galegofalantes. Como **desacougante** é que nese tramo de idade escolar 32,44% do alumnado recoñece non saber falar en galego, cifra que duplica a de 2008, o que amosa o fracaso do modelo de educación plurilingüe incapaz de garantir o obxectivo, recollido nos documentos curriculares vixentes, de acadar idéntica competencia oral e escrita en ambas as dúas linguas oficiais ao remate do ensino secundario obrigatorio.

Agravado nas cidades, como é no caso de Vigo, onde os galegofalantes representamos apenas 13,46% ou tamén na Coruña 15,18%, e, sobre todo, entre a rapazada onde apenas supoñen 16,19%, moito menos da metade ca vinte anos antes, semellante desastre agoira que na fronteira de 2040 desapareza de forma irreversible a cativada que fala galego, o que constituiría o anuncio dunha extinción anunciada. Datos que obrigan ao goberno de Alfonso Rueda a mudar de raíz a súa política lingüística educativa e **derrogar** decontado o Decreto 79/2010 de plurilingüismo, tanto polo obxectivo fracaso que representan estas cifras de uso e coñecemento entre a poboación escolar como para asumir a responsabilidade **ineludible** no seu fomento e protección. Só así podería recuperarse o consenso necesario para actualizar o Plan Xeral de Normalización da Lingua de 2004, acordo roto, non o esquezamos, pola doutrina de "imposición del gallego" coa que Feijoo gañou as súas primeiras eleccións e comezou o desastre para o idioma galego que hoxe lamentamos.

Manuel Bragado en *Nós Diario* (16/10/24)

1. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto.
2. Elabore un titular xornalístico que encaixe co artigo.
3. Elabore un esquema de ideas principais e secundarias a partir do texto.
4. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e secundarias e sen parafrasear o artigo. Extensión máxima: 60 palabras.
5. Define as palabras subliñadas no texto.

Practica...

Nun contexto de períodos de **rebaixas** –ás veces **sospeitosas** de non ser reais– sen control derivado da ausencia de regulamento e diante da **proliferación** de fenómenos importados como o Black Friday e das grandes plataformas de comercio en liña, as pequenas tendas da Galiza teñen cada vez máis dificultades para asegurar a súa **viabilidade**.

Así o **corrobor**a a Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos (UPTA), que calcula que ao longo deste ano perderanse en Galiza máis de 900 pequenos comercios, o que equivale a unha media de 75 tendas que baixan o **enreixado** cada mes.

Esta situación, advirte UPTA, afectará de maneira "máis dramática" ás localidades de menos de 50.000 habitantes, onde a perda de comercios pode chegar a duplicarse a respecto da das grandes cidades. A organización atribúe este fechamento **masivo** de pequenos comercios á competencia "desleal" xerada por "agresivas" promocións comerciais como os "días sen IVE" ou as "liquidacións de stock", que favorecen as grandes superficies, cadeas e **plataformas en liña**, "deixando ao pequeno comercio sen marxe de acción".

"Desde UPTA xa denunciámos en numerosas ocasións que prácticas como os días sen IVE poderíanse considerar como fraudulentas desde o punto de vista fiscal ou prácticas de publicidade **enganosa**", apunta o colectivo. Destaca tamén que, a pesar dunha repunta xeneralizada do consumo con motivo do Black Friday e da campaña do Nadal, o público segue preferindo facer as compras nas grandes superficies ou nas plataformas en liña, posto que "poden ofrecer descontos moito máis atractivos que un pequeno comercio con marxes máis axustadas".

Ricardo Suárez en Nós Diario (28/11/24)

1. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto.
2. Elabore un titular xornalístico que encaixe co artigo.
3. Elabore un esquema de ideas principais e secundarias a partir do texto.
4. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e secundarias e sen parafrasear o artigo. Extensión máxima: 60 palabras.
5. Define as palabras subliñadas no texto.

A intención comunicativa

Un texto pode ter diversas intencións comunicativas, dependendo do propósito da persoa que o escribe e do contexto en que se enmarca. En moitos casos, os textos combinan varias destas intencións. Por exemplo, unha novela pode ter unha intención estética e ao mesmo tempo expresar emocións ou transmitir unha idea. A análise da intención comunicativa debe ter en conta o xénero, o destinatario e o contexto.

Para interpretar adecuadamente un texto debemos atender a varias cuestións:

- **Recoñecer a intencionalidade**

Que quere conseguir o autor? Que meta ten coa creación dese texto? Está informando, emocionando, convencendo ou simplemente provocando unha reflexión? Non só nos interesa o QUE di, senón COMO o di.

- **Ir máis alá da literalidade**

Cando lemos non podemos quedar coa interpretación máis evidente. Os textos poden conter mensaxes implícitas que só se captan a través dun proceso interpretativo. Por exemplo, un autor pode dicir algo irónico para expresar o contrario do que aparentemente afirma.

En resumo, esta reflexión apela á lectura crítica e activa: non só descifrar o texto, senón interpretar o que o autor quere dicir e por que o fai desa maneira. É un chamamento a superar unha lectura literal para descubrir dimensións máis profundas.

FUNCIONES DA LINGUAXE

Os enunciados e os textos, segundo a intención comunicativa que teña o emisor, poden cumprir seis funcións:

- Función **representativa** (centrada no referente externo): predominan naquelas mensaxes que teñen por obxectivo transmitir unha información.
- Función **apelativa** (centrada na persoa receptora): son enunciados que buscan convencer ou mudar a opinión da persoa que recibe a mensaxe.
- Función **emotiva** (centrada na persoa emisora): son mensaxes que expresan sentimentos ou sensación da persoa que emite a mensaxe.
- Función **fática** (centrada na canle): son mensaxes que pretenden comprobar o correcto estado da canle.
- Función **poética** (centrada na mensaxe): son enunciados que teñen por obxectivos a creación de beleza.
- Función **metalingüística** (centrado no código): son textos que reflexionan sobre o funcionamento da lingua.

QUE INTENCIÓNS PODE PERSEGUIR UN TEXTO?

- **Informativa**

O texto busca transmitir información ou feitos obxectivos. Pode estar presente en artigos xornalísticos, textos académicos, informes... A intencionalidade implícita pode ser orientar o lector cara a unha perspectiva concreta.

- **Persuasiva ou apelativa**

O obxectivo é influír no receptor, motivar unha acción ou modificar unha opinión. Está presente nos discursos políticos, anuncios publicitarios ou textos de opinión. Algúns recursos como a ironía ou o sarcasmo poden reforzar o impacto emocional ou racional.

- **Expresiva ou emotiva**

O autor reflicte os seus sentimentos, emocións ou visión persoal do mundo. Vese en poemas, diarios ou cartas persoais. Son habituais os símbolos, os xogos de palabras ou os recursos estilísticos.

- **Estética ou poética**

A prioridade é a beleza ou a creación artística, empregando linguaxe elaborada ou recursos literarios. Presente en textos de carácter literario, cancións, relatos ou ensaios literarios. Son, polo xeral, mensaxes profundas ou universais ocultas en metáforas ou símbolos.

- **Crítica ou satírica**

O texto quere denunciar, analizar ou cuestionar unha realidade. Normalmente usa a ironía, o sarcasmo, o humor... É habitual nos artigos de opinión, literatura satírica, caricaturas ou memes.

- **Reflexiva ou filosófica**

Invita ao lector a cuestionarse, reflexionar ou explorar conceptos abstractos. Atópase en ensaios, diálogos filosóficos ou literatura existencial. Expoñen situacións que convidan á unha reflexión profunda sobre un tema.

- **Lúdica ou recreativa**

Busca entreter ou divertir, sen maiores pretensións. Presente en narrativas populares, contos infantís... Tamén poden conter leccións ou críticas disimuladas.

- **Educativa ou didáctica**

Pretende ensinar ou formar o lector. Común en libros de texto, fábulas ou manuais. Transmiten mensaxes morais ou éticas escondidas na narrativa.

Tipos de texto

O texto pode definirse como un enunciado ou conxunto de enunciados con sentido único e pleno, isto é, unha secuencia textual que ten sentido en si mesma. O número de textos producidos ao longo da historia aproxímanse ao infinito, polo que establecer unha tipoloxía é unha tarefa complexa; con todo, os estudos máis recentes conclúen que existen **cinco tipos de texto**:

- Textos argumentativos
- Textos expositivos
- Textos descritivos
- Textos narrativos
- Textos conversacionais

Cómpre destacar que un texto non ten porque ser exclusivamente dun ou doutro tipo, senón que dentro dun texto poden convivir distintas tipoloxías. É habitual que nun texto argumentativo haxa partes expositivas, nun texto expositivo haxa partes narrativas, etc.

TEXTOS ARGUMENTATIVOS

Os textos argumentativos pretenden **convencer** ou **persuadir** a través de razóns e evidencias, mais tamén de sentimentos e emocións. Así pois, neste tipo de textos hai un predominio da función persuasiva, aínda que tamén estará presente a función representativa.

Esta tipoloxía textual ten, polo xeral, unha estrutura tripartita: a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión e pode presentar as seguintes características lingüísticas:

- Uso do presente de indicativo con valor universal
- Uso da primeira persoa do singular
- Uso habitual do verbo ser.
- Uso de verbos de causa-efecto (orixinar, formular, ocasionar, causar...).
- Uso de verbos dicendi (considerar, declarar, afirmar, alegar...).
- Presenza de marcadores discursivos como os estruturadores da información (primeiramente, en segundo lugar...), argumentativos (do meu punto do vista, a meu ver...) ou conclusivos (por tanto, entón, por iso...).
- Uso de citas textuais para reforzar a argumentación.

TEXTOS EXPOSITIVOS

É difícil delimitar o que se entende por texto expositivo, posto que a explicación está presente en moitos tecidos discursivos. Porén, expoñer ou explicar equivale a informar, isto é, á transmisión de datos e informacións. Partindo disto, podemos dicir que o texto expositivo é aquel que informa sobre un tema a un destinatario coa finalidade de ampliar os seus coñecementos. Hai, pois, un predominio da función referencial xa que este tipo de textos pretenden ser neutros e obxectivo. Algunhas características lingüísticas son:

- Uso do presente de indicativo con valor universal.
- Uso de estruturas impersoais.
- Presenza de adxectivos non valorativos que achegan precisión.
- Utilización de marcadores discursivos que relacionen os conceptos achegados.
- Uso de terminoloxía específica do ámbito ao que se refire o texto.
- Uso de datos concretos e detallados.
- Uso de mecanismos cohesivos como a repetición ou a substitución.

TEXTOS NARRATIVOS

Narrar consiste en contar historias ou feitos que poden ser reais ou imaxinarios. Neste sentido, as narracións de feitos reais teñen que axustarse ás leis do mundo real e transmitir os fenómenos ou estados de cousas que se queren comunicar de xeito verídico, tal e como acontece nos textos históricos, xornalísticos, administrativos e nalgúns textos literarios que se basean na realidade. Por outra banda, as narracións de feitos ficticios contan feitos inventados que poden ter como base o mundo real ou non.

Os textos narrativos teñen unha voz narradora, unha serie de personaxes e a trama acontece nun espazo e nun tempo determinado. A nivel estrutural podemos distinguir tres partes: a presentación, o nó e o desenlace.

- Algunhas características lingüísticas son:
 - Uso de verbos en pasado (pretérito, sobre todo); aínda que tamén se usa o presente con valor pasado.
 - Uso de deícticos para determinar o espazo e o tempo da narración.
 - Uso de mecanismos de cohesión como a substitución.
 - Uso de marcadores discursivos causais (así pois, por tanto...) e temporais (despois, a seguir...)

TEXTOS CONVERSACIONAIS

A conversación domina a nosa actividade verbal á hora de relacionarnos coas demais persoas. No momento de establecermos contacto con alguén preséntasenos a posibilidade de mantermos con ela un diálogo. Neste tipo de textos prodúcese un intercambio de enunciados entre as distintas persoas que fan parte da conversa.

TEXTOS DESCRITIVOS

Describir consiste en explicar como é un elemento, ben un obxecto tanxible, ben un sentimento ou sensación. Porén, adoita estar subordinada á secuencia narrativa ou argumentativa predominante. É necesario lembrarmos que hai moitos tipos de descrições, pois podemos describir seres animados ou inanimados (prosopografía, retrato e etopea), accións, lugares (topografía), épocas (cronografía) ou entidades abstractas. Algunhas características lingüísticas son:

- Predominio de substantivos e adxectivos.
- Uso habitual de verbos copulativos.
- Predominio do presente de indicativo e do copretérito.
- Emprego de adverbios de modo.

Segundo a intención comunicativa do autor ou autora, podemos distinguir entre descrições **obxectivas** e **subxectivas**. As primeiras úsanse con finalidade informativa e empregan indicacións claras e unha linguaxe denotativa; son moi habituais, por exemplo, nos textos de carácter científico-técnico. Por outra banda, as descrições subxectivas relaciónanse coa intencionalidade estética. Nelas úsanse numerosos recursos estilísticos (metáforas, comparacións...) e aparecen en textos de carácter literario.

Segundo o obxecto descrito podemos distinguir cinco grandes clases:

- **Prosopografía:** baseada na caracterización física (apariencia, vestuario, estética, idade...)
- **Etopea:** baseada nos trazos psicolóxicos (carácter, comportamento, capacidades...)
- **Retrato ou autorretrato:** descríbense tanto elementos físicos como psicolóxicos.
- **Caricatura:** describe exaxerando algúns dos seus trazos e ridiculizándoo.
- **Topografía:** descríbese un lugar, unha paisaxe...
- **Cronografía:** trata as peculiaridades dunha etapa ou época.

Os xéneros textuais

Alén das tipoloxías textuais, se atendemos á intención comunicativa e ás características temáticas, estilísticas e estruturais dos textos podemos distinguir diferentes xéneros discursivos. Calquera lector ou lectora é quen de diferenciar se un texto fai parte dun xornal, é unha carta ou unha queixa a unha compañía telefónica. Vemos, pois, que tipoloxía textual e xénero discursivo son dúas caras da mesma moeda.

De acordo coa teoría lingüística actual, podemos distinguir os seguintes xéneros discursivos:

- Xéneros literarios
- Xéneros xornalísticos
- Xéneros publicitarios
- Xéneros administrativos
- Xéneros científicos
- Xéneros prescritivos

XÉNEROS LITERARIOS

Teñen como obxectivo entreter e crear beleza polo que existe un predominio da función poética. Podemos distinguir tres xéneros literarios: o **lírico**, o **narrativo** e o **dramático**. Debido a que o texto literario é obxecto de estudo detallado na pregunta 4, neste apartado non colocaremos o foco sobre el. Con todo, é importante que saibades distinguir un e, sobre todo, que características estilísticas teñen.

XÉNEROS PUBLICITARIOS

Dentro dos xéneros publicitarios atopamos unha variedade de formatos e enfoques, cada un deseñado para captar a atención do público e promover produtos ou servizos de maneira eficaz. Entre eles, destacan os anuncios publicitarios, que poden aparecer na televisión, radio, internet ou prensa escrita, utilizando imaxes e slogans impactantes para seducir ao consumidor.

XÉNEROS CIENTÍFICOS

No xénero científico predomina a función referencial e a intencionalidade é informar, describir ou explicar fenómenos, teorías e descubrimentos de maneira clara e precisa. A linguaxe empregada é formal, obxectiva e especializada, axeitada para o público ao que vai dirixido, que adoita ser coñecedor da materia. Este tipo de textos inclúe artigos en revistas científicas, informes de investigación, teses e libros especializados, onde a rigorosidade e a exactitude son fundamentais para garantir a credibilidade e a validez da información presentada.

XÉNEROS XORNALÍSTICOS

O obxectivo deste tipo de textos é **informar** e debe notarse unha claridade expresiva. Con todo, a lingua empregada neste tipo de textos busca crear un modelo e lingua culta e, así pois, serán habituais as figuras literarias e os xogos estilísticos (metáforas, comparacións, hipérbatos...). Algúns subxéneros xornalísticos son os seguintes:

▪ **Noticia**

Este xénero presenta de forma clara, concisa e obxectiva, un acontecemento recente facendo referencia ao seu protagonista, ao espazo, ao tempo e á causa ou finalidade (6W). A noticia, xeralmente, relaciónase co texto narrativo; porén, un gran número de noticias deben encadrarse dentro do texto expositivo.

A nivel estrutural ten as seguintes partes: titular, resumo ou leade corpo da noticia. A información presentada camiña sempre do máis importante cara ao máis anecdótico e hai un predominio da función representativa.

▪ **Reportaxe**

Este xénero fai parte, xunto coa noticia, dos xéneros xornalísticos informativos. Entendemos como reportaxe aquel traballo de carácter documental á volta dun acontecemento de actualidade. Neste xénero, o emisor, identificado a través da sinatura, realiza unha análise dos feitos presentados combinando elementos xornalísticos e literarios.

▪ **Crónica**

Este xénero informa ou crea opinión en relación a asuntos da vida cotiá (economía, deporte, política, moda...), isto é, unha crónica é unha noticia á que se lle engade un comentario persoal do autor ou autora. Por iso a crónica se define como unha noticia ampliada y comentada.

▪ **Entrevista**

A entrevista xornalística recolle as declaracións dun determinado personaxe público.

▪ **Artigo de opinión**

O artigo de opinión pon de manifesto, por vía argumentativa, o pensamento do emisor (un xornalista ou un profesional de prestixio) a respecto dun tema de actualidade. A nivel estrutural, consta dun titular seguido do corpo do artigo (presentación da cuestión, argumentos e conclusión).

Neste tipo de textos hai un claro predominio da función apelativa e téndese a usar a primeira persoa do singular para manifestar ese carácter persoal.

XÉNEROS ADMINISTRATIVOS

Os xéneros administrativos caracterízanse pola súa función comunicativa centrada na xestión e tramitación de asuntos e procedementos dentro de organizacións tanto públicas como privadas. Estes textos son fundamentais para o correcto funcionamento burocrático e administrativo dunha entidade, xa que permiten a transmisión clara e eficaz de información e instrucións. A linguaxe utilizada é formal e precisa, con estruturas fixas que buscan evitar ambigüidades e asegurar a comprensión unívoca.

XÉNEROS PRESCRITIVOS

Dentro do xénero prescritivo ou instrutivo, a principal función é guiar ou orientar ao lector na realización de tarefas específicas. Estes textos inclúen instrucións, manuais de usuario, receitas culinarias e normas de uso, entre outros. A súa estrutura adoita ser clara e secuencial, permitindo que o lector siga os pasos de maneira sinxela e sen confusións. A linguaxe é directa e precisa, empregando verbos no imperativo para indicar accións concretas que deben ser realizadas. Este tipo de texto é esencial en contextos onde a exactitude e a claridade son cruciais para garantir que os procedementos se executen correctamente.

Practica...

“A ausencia de educación sexual e afectiva favorece o sexismo, que por si mesmo é a antesala da violencia”. Esta afirmación recollida polo xornal Liberation, foi realizada pola presidenta do Alto Consello para a Igualdade de Homes e Mulleres da República francesa. Con motivo do inicio de curso, o organismo emitiu un informe en que reclama dos poderes públicos que dean ao tema unha prioridade absoluta. E o ministro de Educación asinou unha circular para que nos centros escolares se dea cumprimento á lei de 2021 que fixa a realización de tres sesións anuais de educación sexual, algo que non se está a cumprir.

O informe alerta dos elevados índices de violencia sexual entre a mocidade e da alarmante falta de respecto a cuestións fulcrais coma o consentimento. Manifestan que o ensino non está á altura (...). A propia Unesco confirma que a educación en sexualidade é beneficiosa para a saúde da mocidade e incide positivamente nos comportamentos sexuais.

E no Estado español? A educación sexual na nova lei deste goberno non pasa de ser un principio pedagóxico e un contido transversal. Abordábel desde calquera materia ou desde ningunha, pois a súa aplicación queda a criterio dos departamentos e, en última instancia, do profesorado. En definitiva, depende da vontade, e daquela tamén da ideoloxía, das persoas docentes. Docentes que, ademais, non fomos formados para iso. Deberíamos traer á actualidade o debate sobre a educación sexual nas aulas? Penso que si, pois a ausencia destes contidos no currículo non nos permite dar ferramentas “para desenvolver relacións sociais e prácticas sexuais respectuosas, para reflexionar sobre o impacto das súas eleccións..., para comprender os seus dereitos e defendelos ao longo da súa vida”, tal e como prevé a Unesco que faga a Educación Sexual Integral na escola.

Marta Dacosta en *Nós Diario* (05/11/24)

1. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto.
2. Elabore un titular xornalístico que encaixe co artigo.
3. Elabore un esquema de ideas principais e secundarias a partir do texto.
4. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e secundarias e sen parafrasear o artigo. Extensión máxima: 60 palabras.
5. Indique a intencionalidade do texto.
6. Indique e explique a tipoloxía textual e o xénero discursivo do texto. Extensión aproximada 60 palabras.

Practica...

O 29 de outubro un fenómeno meteorolóxico excepcional asolagou Valencia. Unha semana despois, o balance é desolador: máis de 200 falecidos, un número indeterminado de desaparecidos e unha longa lista de danos materiais. Máis alá das consecuencias, a ciencia trata de buscar as causas dunha DINA tan devastadora. Aínda que sete días é un prazo de tempo moi curto para a ciencia, xa se publicaron dous estudos científicos que vinculan directamente este fenómeno extremo co cambio climático. O primeiro é contundente nos seus resultados: nos últimos 75 anos, os episodios de precipitacións extremas como o de Valencia duplicáronse a causa do quecemento global. E non só iso: son un 12% máis intensos.

Así o conclúe un estudo preliminar impulsado por World Weather Attribution (WWA), un equipo de climatólogos internacionais que trata de entender os eventos climáticos extremos do presente. A esta primeira investigación sumouse outro artigo de ClimaMeter, unha entidade de características semellantes á anterior. Neste segundo estudo participaron, de feito, dúas investigadoras españolas: Carmen Álvarez-Castro da Universidade Pablo de Olavide e Mireia Ginesta do Institut Pierre-Simon Laplace (Francia). Neste artigo, asinado xunto a outros tres científicos, as voces expertas son contundentes: “A intensificación das precipitacións desta DINA atribúense principalmente ao cambio climático provocado polo home”.

Os estudos de WWA e ClimaMeter son preliminares dado que, tal e como eles recoñecen, os datos científicos sobre o fenómeno son aínda escasos e os seus resultados baséanse na comparación da catastrófica DINA de Valencia con outros eventos climáticos extremos sucedidos noutro tempo e noutros espazos. Con todo, os artigos dan algunhas das claves necesarias para entender a catástrofe. Entre elas, a elevada temperatura superficial do Mediterráneo, que favorece a humidade e impulsa a intensidade das precipitacións. “Na localidade de Turís, as precipitacións acadaron os 630 mm en 24 horas e en Chivas, 491 en tan só oito horas, ademais de fortes saraibadas e tornados”, subliñan os autores no artigo de ClimaMeter.

Victoria García en GCiencia (28/11/24)

1. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto.
2. Elabore un titular xornalístico que encaixe co artigo.
3. Elabore un esquema de ideas principais e secundarias a partir do texto.
4. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e secundarias e sen parafrasear o artigo.
Extensión máxima: 60 palabras.
5. Indique a intencionalidade do texto.
6. Indique e explique a tipoloxía textual e o xénero discursivo do texto. Extensión aproximada 60 palabras.

Practica...

Luis naceu en Malpica en 1999. O 13 de novembro de 2002 tiña tres anos. Cando lle pregunto que lembra do afundimento do Prestige, contesta que unha conversa no coche dos seus pais. El vai na parte de atrás. É pequeniño, ten os ollos grandes e cústalle ver fóra. Ao mellor conducen preto do mar, pero non se ve o mar. Na conversa dos adultos podería aparecer a palabra chapapote. Na conversa dos adultos hai un fedor e unha negrura. É viscosa a conversa dos adultos. Iso é todo canto lembra Luis.

Dezanove anos despois, teño a sensación de que a memoria da catástrofe foi borrada. Que ninguén nos dixo nada, que ninguén nolo repetiu as veces suficientes. Hai un par de semanas acudía en Compostela á representación de N.E.V.E.R.M.O.R.E., a peza de teatro documental coa que a Chévere reivindicou o relato das voces baixas ao tempo que pon en escena o argumento pesado da burocracia que xerou o caso. Durante dúas horas respirei no público rodeado de persoas que si lembraban os días agónicos do Prestige, que si tiveran que decidir hai case dúas décadas entre acudir a limpar chapapote ou quedar na casa, entre manifestarse ou facer como que non pasaba nada. Ao final, sentín que parte daqueles espectadores emocionados eran tamén culpables da miña, da nosa desmemoria.

Non hai monumentos, non hai loito nacional ou lembranza anual. En Noia, na vila onde medrei, un grafiti enorme miraba á ría e berraba: NUNCA MÁIS. Quedounos o slogan coma un símbolo. Pero haberá dentro de cinco, dez anos, adolescentes capaces de interpretalo? Xente nova capaz de saber que aquilo é un signo de identidade? Que o nunca máis é a memoria dun pobo en pé cos ósos feitos de chuvia, unha manifestación de paraugas negros? Saberemos transmitir esa lección de dignidade?

Prestige puido ser a grande lección de mobilización social, de política non partidista. O exemplo a seguir para todos os que viñamos despois. Pero non o foi. A desmemoria é proba diso. No N.E.V.E.R.M.O.R.E. de Chévere, ao final da obra, ocupan o fondo do escenario pancartas e frases das manifestacións da época. No centro, unha saba negra di: “O futuro non é o que vai pasar senón o que imos facer”. Que fixemos?, pregunto hoxe.

Ismael Ramos en *ELDiario* (14/11/21)

1. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto.
2. Elabore un titular xornalístico que encaixe co artigo.
3. Elabore un esquema de ideas principais e secundarias a partir do texto.
4. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e secundarias e sen parafrasear o artigo.
Extensión máxima: 60 palabras.
5. Indique a intencionalidade do texto.
6. Indique e explique a tipoloxía textual e o xénero discursivo do texto. Extensión aproximada 60 palabras.

Practica...

Cando eu andaba no estudo era un mozo das romerías, bailar e divertido. Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando como un trompo esgarabilleiro. ¡Ai, aqueles valeses, aquelas mazurcas, aquelas polcas e aquelas habaneras! Entón o agarradiño aínda era un pecado venial, e bailábamos con tino, para que os vellos non refungasen. (...)

Había na vila unha rapaza do meu tempo, xeitosa de corpo, feitiña de cara, leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio e limpa de conducta; pero picante nos dicires. (...) A primeira vez que bailei foi con ela. (...) A rapaza comprometeuse a enseñarme, e eu pagáballe coa miña ledicia de estudante. (...) Pouco a pouco fun deprendendo, e non tardei en bailar valeses e mazurcas con certa maestría. Despois xa me fixen bailar e aproveitaba tódalas tocatas; pero afeito á miña compañeira non tiña gusto en bailar con outras. De remate os dous fixemos unha das mellores parellas. (...)

Marcheime da vila cangado cun tido universitario, e as preocupacións do meu vivir arredaronme das troulas. Perdín a mocidade, fíxenme home; o baile chegou a parecerme cousa de parvos, e fai moitos anos que nin tan siquera vexo bailar. Do tempo de estudante non gardei un recuncho para as lembranzas de romería, e Sabela esvaéuseme da memoria.

Cando se proclamou a República lanceime á política e saín deputado das Constituíntes. A miña vila quixo agasallarme e alá fun eu. (...) Cheguei á casa de meus pais, e na beira da porta vin a unha muller... Era gorda de ventre, de pernas e de brazos; a cara inflada e vermella; a boca sen dentes; a postura de regateira.

Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ó pasar a carón dela sioume con voz estremecida estas verbas: —¡Meu bailar!

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Retrincos* (1934)

1. Este texto de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao pertence ao libro *Retrincos* (1934). Relación o relato, sucintamente, coa restante obra do autor e coa narrativa da *Época Nós*. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice, brevemente, a estrutura do relato e a caracterización dos dous personaxes principais. Extensión aproximada: 200 palabras.

As propiedades textuais

O texto é a unidade de comunicación máxima, oral ou escrita, intencionalmente emitida por un falante, con sentido completo e un propósito comunicativo concreto. Calquera texto para se considerar tal debe cumprir tres propiedades textuais: a adecuación, a coherencia e a cohesión.


A ADECUACIÓN

A adecuación é a adaptación do texto á situación en que se produce. Dependendo do tema que tratemos, da intención comunicativa que teñamos, de quen sexa a persoa destinataria ou cal sexa a situación comunicativa, debemos variar o noso rexistro e nivel de lingua. Non é o mesmo falar de física cuántica que do partido de onte á noite, da mesma maneira que non é o mesmo falar de física cuántica nunha universidade que nun instituto.

O enunciado “Cala, parvo” non é adecuado se llo dis ao teu profesor de Galego, porén, se un amigo teu di algo fóra de lugar si o sería. Por tanto, a adecuación vai depender do contexto situacional da conversa e da relación existente entre as persoas que estean a falar.

A COHERENCIA

A coherencia relaciónase coa pertinencia da información achegada. Non debemos achegar datos contraditorios nin afirmacións incompletas. Ademais, a claridade expresiva, a organización textual e a progresión temática da información tamén lle axudan a un texto a ser coherente. Debemos ter en conta que información é nova e cal é sabida polo lector. Se toda a información é nova, o lector non comprenderá o texto ao ser este incoherente. Por tanto, debemos intercalar a información coñecida (tema) coa información nova (rema).



- A adolescencia é unha etapa complicada para moita xente. O deporte é moi importante para a saúde física. Os móbiles úsanse cada vez máis entre os mozos. Hai moitas series nas plataformas que tratan sobre adolescentes. A alimentación tamén é importante nesta idade. A escola pode ser difícil porque hai exames e presión. A música é unha forma de expresión moi popular.

- A adolescencia é unha etapa de cambios físicos, emocionais e sociais que pode resultar complexa para moitas persoas. Neste período, as relacións sociais e a identidade persoal adquiren unha grande importancia, e as novas tecnoloxías, como os móbiles ou as redes sociais, xogan un papel central na vida diaria. Ao mesmo tempo, a presión académica e a busca da aceptación poden xerar ansiedade, polo que o apoio familiar e a educación emocional son fundamentais para un desenvolvemento equilibrado.

A COHESIÓN

A cohesión relaciónase coa conexión existente entre os elementos lingüísticos dun texto. Neste grupo entran as concordancias (*Os zapatos vermella), mais tamén as escollas léxicas que evitan a repetición ou o uso de marcadores discursivos que facilitan a relación entre os distintos temas.

MECANISMOS DE COHESIÓN

1) REPETICIÓN

A **literatura** galega de fin de século chega a un nivel excelso. Esta **literatura** marca un antes e un despois na nosa historia.

2) SUBSTITUCIÓN GRAMATICAL: elimínase unha palabra para evitar a súa repetición e, no seu sitio, emprégase unha clase de palabra referencial (adverbios, pronomes...). Segundo a posición da palabra referencial, podemos distinguir entre anáfora e catáfora.

- Anáfora: o elemento lingüístico remite a un elemento anterior do texto

En **Esteiro** celébrase o Festival das Carrilanas. **Alí** podes pasar o mellor fin de semana da túa vida.

Onte saudei a **Marcos**, mais **el** non me viu.

- Catáfora: emprego dun elemento lingüístico (pronomes persoais, demostrativos, indefinidos, posesivos, adverbios...) que remiten a un elemento posterior do texto

Ao meu aniversario viñeron **todos: Brais, Elba, Vítor, Xian, Bárbara...**

3) ELIPSE: eliminación de elementos dun texto por seren interpretábeis contextualmente

Hoxe fixen os **deberes** de Matemáticas, mañá farei os (x) de Tecnoloxía.

4) SUBSTITUCIÓN LÉXICA: emprego doutra palabra con significado similar para evitar a repetición dun termo ao longo do texto.

- Sinónimos

Os **coches** antigos non poden entrar no centro; estes **automóviles** contaminan moito

- Hiperónimos ou hipónimos

Os **gatos** son mascotas moi independentes. Estes **animais** sempre andan ao seu.

- Paráfrase

Fun a **Ourense** esta fin de semana, sempre me encantou a **Cidade das Burgas**.

OS MARCADORES DISCURSIVOS

Os conectores e marcadores discursivos son elementos lingüísticos que dotan de cohesión ao texto. Van guiando ao lector , permitindo unha mellor comprensión das ideas expostas e establecendo relacións lóxicas entre as diferentes partes do discurso. Estes elementos poden indicar contraste, adición, causalidade, secuencia temporal, entre outros, enriquecendo a fluidez e claridade do que se comunica.



Practica...

Non foron poucos os medios de comunicación que reaccionaron ao asasinato dunha educadora social nun piso de cumprimento de medidas xudiciais en Badaxoz por parte dun dos menores recluídos. Non foron poucos os medios de comunicación que puxeron o foco na agresividade do menor ou nos delitos do menor. Non é novo. Xa aconteceu no pasado mes coa agresión a un enfermeiro do Chuac. Culpar a xente enferma ou culpar a xente violenta é a resposta fácil. Culpar a xente enferma ou culpar a xente violenta non é a resposta propia dunha sociedade que se presupón a prol dun sistema de reinserción. Culpar a xente enferma ou culpar a xente violenta está moi lonxe da problemática real. A problemática real é a falta de recursos. A problemática real é a falta de investimentos por parte das administracións públicas. A problemática real é a desprotección das traballadoras e a desprotección dos traballadores. Moitas persoas manifestáronse onte. O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais da Galiza convocou as manifestacións. As manifestacións tiveron lugar na Coruña. As manifestacións tiveron lugar en Compostela. As manifestacións tiveron lugar en Lugo. As manifestacións tiveron lugar en Ourense. O motivo das manifestacións foi denunciar que a precariedade laboral mata. O asasinato ocorreu nun centro de atención a menores de Estremadura. O asasinato puido ocorrer nun centro de atención a menores de Galiza. En Galiza hai catro centros de atención a menores. Nos catro centros de atención a menores de Galiza hai agresións. Nos catro centros de atención a menores de Galiza as profesionais están soas. Non hai vontade real de dar solucións. Se non hai vontade real de dar solucións, as educadoras sociais continuarán desprotexidas. Se non hai vontade real de dar solucións, o sistema seguirá fallando. Se non hai vontade real de dar solucións, o sistema non cumprirá a súa finalidade de reinserción.

Yuri Carrazzoni en *Nós Diario* (14/03/25)

1. Reescribe o texto empregando os mecanismos de cohesión que consideres oportunos.
2. Extrae tres mecanismos que uses para achegar unha maior cohesión ao texto.

Practica...



Unha declaración institucional da Real Academia Galega **peta** de novo sobre o galego. A partir da Enquisa de condicións de vida das familias do Instituto Galego de Estatística (IGE) do ano 2023, a RAG alerta de novo e propón solucións para o que segue sendo a dramática da lingua galega. (...) Digo isto porque antes da declaración institucional e a situación que se desprende do informe e da enquisa do IGE 2023, viñamos ben avisados. Tan avisados que fomos afortunados cando o noso Parlamento no 1983 aprobou por unanimidade unha lei de normalización lingüística e un pronto desenvolvemento para introducir o galego no ensino, mesmo coas **eivas**, erros e retesías.

Un sabe, certamente, que o Decreto de Plurilingüismo (2010), como **ofrenda** do Goberno Feijoo á Galicia Bilingüe, non foi só iso, senón dar carta de natureza ao xa relaxado no ensino, nos ensinantes e na sociedade enteira. Por iso non creo que o futuro do galego, debendo de se cambiar moitas cousas, dependa só da escola. Ben dicía Alonso Montero en 1973 que «se ben se precisaba da escola, con ela soa non chegaba». E, polo tanto, cando falamos do proceso desgaleguizador da escola deberíamos ampliálo para entender que escolarización é unha incorporación ao mundo social, á sociedade. Onde todos estamos.

Por iso é **doado** que os datos do informe sobre a lingua galega arrepién: saber que só quedan 35.000 nenos e nenas de 5 a 14 anos galegofalantes, ou saber do incremento daqueles que só falan en castelán en todos os grupos de idade (o 43 % nos de 15 a 29 anos, e o 54 % naqueles de 5 a 14 anos), ou da **incapacidade** para falar galego do 32 % e da incompetencia para escribilo do 38 % nese mesmo grupo máis novo. Ou, en conclusión, saber por vez primeira que o castelán é a lingua máis falada en Galicia.

Uxío Labarta en *La Voz de Galicia* (09/01/25)


1. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto.
2. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e secundarias e sen parafrasear o artigo. Extensión máxima: 60 palabras.
3. Defina as palabras subliñadas no texto.
4. Indique no texto tres mecanismos de cohesión distintos extraendo exemplos do texto.
5. Localice no texto tres conectores distintos e indique o tipo. Propoña en cada caso outro conector de significado similar.



pregunta 2

reflexión sobre a

lingua



“Se aínda somos galegos é por obra e gracia
do idioma”

Alfonso Daniel R. Castelao



EN QUE CONSISTE A PREGUNTA 2?

Esta pregunta fundaméntase no coñecemento e dominio da gramática galega. A partir do texto dado, pedirásevos que explicades e analicedes distintas cuestións relativas ao funcionamento da lingua. Neste curso traballaremos desde o nivel máis elemental, a fonética, até o nivel de maior complexidade, a semántica.

Fonética e fonoloxía

Pola ou póla? Esa pregunta xa é un meme, mais nesta proba deberedes saber resolvela. Deberedes coñecer o sistema fonolóxico do galego e, sobre todo, recoñecer e distinguir as vogais medias.

Morfoloxía

Unha pregunta habitual nas PAU fai referencia á formación de palabras. Terás que evidenciar a comprensión das posibilidades de creación de palabras e enriquecemento do léxico mediante a composición, derivación, parasíntese e acronimia.

Clases de palabras


Identificar as clases de palabras é un dos coñecementos fundamentais, mais tamén é importante comprender as particularidades dos verbos, pronomes e demais. Neste apartado, abordaremos temas como os significados do "se", os diferentes tipos de "que" e o infinitivo conxugado.

Sintaxe

Sabes distinguir entre un CD e un CI? Coñeces os tipos de subordinadas? Distingues unha coordinada dunha bipolar? Pois iso será obxecto de traballo ao longo do curso e deberás demostrar o coñecemento e dominio destes conceptos.

Semántica

Canto a esta disciplina, deberás evidenciar a comprensión das diferentes relacións léxico-semánticas das palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, familia léxica e campo semántico, mediante a identificación nun texto ou o emprego de sinónimos, antónimos etc.).



Fonética e fonoloxía do galego


SONS, FONEMAS E ALÓFONOS

Un ser humano pode emitir unha cantidade case infinita de **sons**, mais non todos lle serven para falar a súa lingua. Por exemplo, o son [æ] sérvelle á comunidade inglesa para falar [kæt], mais non aos castelanfalantes. Podemos dicir que en inglés os sons [k], [æ] e [t] teñen un determinado significado e se o cambiamos por outros [kʌt], tamén cambia palabra. Ese catálogo de sons limitados que fan parte dunha lingua e serven para distinguir palabras son denominados **fonemas**.

Entre fonema e son tende a haber unha relación biunívoca. Por exemplo, o fonema /m/ aparece sempre representado co son [m], mais isto tamén pode non ser así. Cando un fonema aparece representado por dous sons, falamos de **alófonos**. Isto acontece, por exemplo, na palabra /dado/. Se nos fixamos, o primeiro /d/ e o segundo non son articulados da mesma maneira. O primeiro é puramente oclusivo [d] e o segundo ten un carácter aproximante [ð].


O SISTEMA VOCÁLICO

A lingua galega consta de sete fonemas vocálicos, que se clasifican conforme dous criterios: o **timbre** ou abertura e o **punto de articulación** ou localización.



A particularidade do sistema vocálico do galego reside na posición media, xa que a nosa lingua posúe dous fonemas en cada serie. Temos dúas vogais medias palatais /e/ e /ɛ/ e dúas vogais medias velares /o/ e /ɔ/; ou dito doutra maneira, temos dúas vogais medias fechadas /e/ e /o/ e dúas medias abertas /ɛ/ e /ɔ/.

Con todo, a afirmación de que o galego conta con sete fonemas vocálicos é só parcialmente correcta. A verdade é que o galego presenta un sistema de sete fonemas vocálicos en posición tónica; porén, nas demais posicións, a distinción entre medias abertas e medias pechadas non resulta operativa.



Como podemos observar, a oposición existente entre vogais medias na posición tónica neutralízase na posición postónica. En posición átona final, o galego non ten palabras patrimoniais rematadas en /i/ ou /u/, mais si algún estranxeirismo como *taxi* ou *campus*.

OS PARES MÍNIMOS

A oposición entre vogais medias abertas e vogais medias fechadas permite a casuística de que haxa palabras que se distinguen polo seu timbre. Así como a diferenza entre *pala* e *pata* reside na oposición entre /l/ e /t/, a diferenza entre *pola* e *póla* reside na diferenza entre /o/ e /ɔ/.

/ε/
 pega (obstaculo)
 pelo (verbo pelar)
 rego (verbo regar)
 besta (arma)

/e/
 pega (ave)
 pelo (substantivo)
 rego (substantivo)
 besta (animal)

/ɔ/
 ola (saúdo)
 bóla (esfera)
 bota (calzado)
 tomo (volumen)
 póla (rama)

/o/
 ola (recipiente)
 bola (peza de pan)
 bota (verbo botar)
 tomo (verbo tomar)
 pola (galiña)

FENÓMENOS DE ALTERACIÓN VOCÁLICA

Seguramente calquera persoa galega que tivese contacto co idioma escoitou dicir palabras como **taléfano* ou **arradio*, mais, por que acontece isto? Nas falas populares e dialectais son habituais as alteracións do sistema vocálico, isto é, a mudanza na pronuncia dalgún fonema a respecto da súa etimoloxía.

ALTERACIÓNS NO VOCALISMO TÓNICO

Metafonía

Consiste na alteración do timbre etimolóxico da vogal tónica media por influxo dun /o/ ou un /a/ final. Por exemplo, a palabra *medo*, etimoloxicamente, posuiría unha vogal media aberta /mɛðo/, porén, na maioría do territorio o seu timbre é medio fechado /meðo/. Isto acontece noutros casos como: /nɔβo/ > /noβo/, /ela/ > /ɛla/, /ora/ > /ɔra/...

Este fenómeno pode afectar a todo o territorio galego (sogro/sɔgra) ou caracterizar unicamente algunhas falas. Por exemplo, /ɛla/ ou /ɔra/ son formas características do bloque occidental.

Influxo dunha nasal trabando sílaba

Unha consoante nasal pode fechar un grao o timbre etimolóxico das vogais medias. Isto acontece en palabras como /dɛnte/ > /dente/, /fɔnte/ > /fonte/.

ALTERACIÓNS NO VOCALISMO ÁTONO

Fenómenos de adición:

- **Prótese:** engadido dunha vogal ao comezo de palabra: *arrodear*, *arrenegar*, *arradio*, *amoto*...
- **Epéntese:** engadido dunha vogal no medio da palabra ou entre esta e o determinante: *feio*, *aldeia*, *soio*, *ademirar*, *a iarte*, *a ialma*.
- **Paragoxe:** engadido dunha vogal no remate dunha palabra: *andare*, *mullere*, *ninguenhe*, *naie*. Este /e/ final, chamado -e paragóxico, é moi característico das falas populares galegas.

Fenómenos de supresión:


- **Aférese:** eliminación dunha vogal ao principio de palabra: *inda*, *topar*...
- **Síncope:** eliminación de vogal no medio: *vran*, *pra*, *zreixa*...
- **Apócope:** eliminación ao final: *quer*, *parez*, *Ourens*...

Fenómenos de vacilación vocálica:

- **Asimilación:** influencia da vogal sobre outra, acentuando a semellanza: *dazaseis, tanaza, pedir, Curuña...*
- **Disimilación:** influencia da vogal sobre outra, provocando a diferenza: *telefono, ministro, sacrificio...*
- **Labialización:** fenómeno producido por unha consoante labial ou labiodental sobre a vogal contigua: *somana, lovar, formento...*

O SISTEMA CONSONÁNTICO

O galego conta con dezanove fonemas consonánticos caracterizados segundo tres trazos distintivos: o modo de articulación, o punto de articulación e a sonoridade.



MODO DE ARTICULACIÓN

- Oclusivas (obstrúese completamente o paso do aire): /p/, /t/, /k/, /b/, /d/, /g/.
- Fricativas (o aire sae cun pequeno rozamento ou fricción): /f/, /θ/ (cazar), /s/, /ʃ/ (xamón).
- Africada (articúlase como oclusiva seguida de fricativa): /tʃ/ (chave).
- Nasais (parte do aire sae polo nariz): /m/, /n/, /ɲ/ (uña), /ŋ/ (unha, un amigo).
- Laterais: /l/, /ʎ/ (palla)
- Vibrantes: simple /r/ (caro) e múltiple /r/ (carro)

PUNTO DE ARTICULACIÓN

- Bilabiais: /b/ /p/ /m/
- Labiodental: /f/
- Dentais: /d/ /t/
- Interdental: /θ/
- Alveolares: /s/ /n/ /l/ /r/ /r/
- Palatais: /ʎ/ /ɲ/ /ʃ/ /tʃ/
- Velares: /g/ /k/ /ŋ/

En galego existen dous fonemas para representar o grafema <n>. Por unha banda o alveolar /n/ (nube) e, por outra, o velar /ŋ/ (pan). Excepcionalmente, o -n final pronúnciase alveolar /n/ cando as palabras non, nin, quen, ben, sen, tamén, alguén, ninguén son seguidas por pronomes átonos (non o quero → /nono'kero/).

SONORIDADE

- Xordos: /p/, /t/, /k/ e mais as fricativas e a africada.
- Sonoros: o resto de fonemas

CORRESPONDENCIA ENTRE GRAFEMA E FONEMA

O sistema ortográfico galego é bastante fonolóxico, pero non sempre hai correspondencia entre fonemas e grafemas, de aí os “problemas” de ortografía. Algúns grafemas que non se corresponden cun fonema son os seguintes:

- O grafema <h> non representa ningún fonema. Só subsiste por razóns etimolóxicas en palabras que na súa orixe tiñan unha aspiración inicial.
- O e o <v> representan un só fonema, /b/. Empréganse os dous grafemas por razóns etimolóxicas. O galego normativo mantén fidelidade a grafía etimolóxica.
- O <g> e o <gu> representan un só fonema, /g/. O <gu> mantense por analoxía con outras linguas románicas. Se queremos representar a gheada podemos empregar o dígrafo <gh>: amigho.
- O <c> e o <qu> úsanse para representar o fonema /k/. O grafema <k> só se emprega en estranxeirismos (rock, folk, anorak...) ou en abreviaturas (kg, km fronte a quilogramo, quilometro).
- O grafema <x> representa dous fonemas: /ʃ/ (xamón) e /ks/ (exame).
- O n velar /ŋ/ represéntase co dígrafo <nh> en posición medial (unha, algunha) ou coa letra <n> en final de palabra (un amigo, en Ourense, comen algo).
- Os grafemas <j>, <y> e <w> empregámoslos en estranxeirismos e préstamos doutras linguas: kiwi, keynesiano...

Exercicios de fonética

1. Transcribe foneticamente as seguintes oracións e define os seus fonemas.

- Quen vén hoxe?
- Mañá chove seguro
- Unha guerra feroz

2. Indica a vogal tónica nas palabras destacadas.

- Comprei unha pota de ferro fundido.
- Nunca tomo alcol pola semana.
- Quero un mes de sol, é urxente.
- Penso que hoxe xa non é hora de saír.

3. Que fenómenos de alteración vocálica atopas nos seguintes enunciados.

Explícaos.

- Miña nai comproume unha amoto polo aniversario.
- Nunca certo coa vestimenta.
- Xa andan a marmurar as vellas!
- Xa non hai esperanza...
- Hai que bunitiño é o meu mución.

4. Indica se as seguintes palabras presentan vogal media aberta ou media fechada.

- Pouca présa deben ter cando seguen aquí.
- Non podo terme de pé.
- Ten coidado, non o molles no rego.
- O peso neto que leva o camiión non chega a douscentos quilos.
- Quero que fechen esta porta.
- Os caracois por aquí case ninguén os come.
- Soño moitas veces con tesouros.
- Tivemos medo e non soubemos que facer.
- Nunca ceo antes das dez.
- Fixemos un barco de papel.
- Tes todo o mes para facelo.
- Non sei como soportas ese fedor.

Exercicios de fonética

5. Le a transcripción extraída do Arquivo Oral Galego e responde as preguntas que se formulan a continuación.

O Liseo falábame a min o..., en paz estea o..., o abuelo; i-el claro, como eramos novios, pos il quiría que..., que non morrese na guerra, que viñese pa casarse cumigo e dixo, dixo: "Pos eu voume, eu voume pra que veña o Ghesús." E díxenll'eu: "Non vaias, Liseo, non vaias que o que está de Dios á casa ha de vire. Tu non, non vaias." E dixo: "Si, si, si que me marchó, si que me marchó" E marchouse voluntario. E logo despois, a aviación, pois, matouno. Viñan ca xente, e... sacábanos por elí e matábanos nos camiños e nas devesas. Ás noites viñan... iboeno! iO abuelo das Fontes cantas veces lle deu pan!: "Tomai, tomai o pan e marchai vos."

- Localiza no texto dúas palabras que presenten un fonema vocálico tónico medio-aberto e dúas que presenten un fonema vocálico tónico medio-pechado.
- Localiza catro palabras que conteñan unha alteración do vocalismo, indica a súa tipoloxía e explica o que acontece.
- Atopa unha palabra que conteña os seguintes fonemas consonánticos:
 - Lateral alveolar sonora:
 - Nasal velar sonora:
 - Oclusiva bilabial xorda:
 - Oclusiva dental xorda:

PAU DE XUÑO DE 2019

Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: serio, cómico, retórico, chinés, teren, mulleres, persoa.

PAU DE XULLO DE 2019

Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: agora, outono, ben, eterno, só, todo, ningún, podemos, recendo, amor.

PAU DE XULLO DE 2021

Localice no texto cinco palabras nas que aparezan os mesmos fonemas que os subliñados nestas: baixo, léxico, cego, menos, onte.

PAU DE XUÑO DE 2022

Localice no texto tres palabras que presenten un fonema vocálico tónico medio-aberto e dúas que presenten un fonema vocálico tónico medio-pechado. (vid. páxina 26)

A morfoloxía

A PALABRA

A palabra é a unidade lingüística mínima que pode constituír por si soa un enunciado. Caracterízase semanticamente por ter significado unitario e graficamente por aparecer de xeito autónomo. Con todo, nos casos de palabras aglutinadas por énclese (“Dixéronme”) ou por contracción (“polo”), debemos considerar que no interior de cada unha desas palabras segue habendo dúas formas pertencentes a clases gramaticais diferentes (verbo e pronome e preposición e artigo, respectivamente).

A ESTRUCTURA DA PALABRA

Cando unha falante escoita as palabras *prehistoria* e *prelavado* pode atopar similitudes entre unha e outra. Eses dous formantes *pre* achegan un significado en común e á palabra. Por tanto, este exemplo déixanos ver que a palabra está constituída por morfemas, unidades lingüísticas menores non autónomas dotadas de significante e significado.

CLASIFICACIÓN DOS MORFEMAS

Morfemas léxicos ou lexemas

Son elementos constantes e invariables da palabra que achegan significado léxico ou conceptual. Este significado atópase en substantivos, adxectivos e verbos. Exemplos: gat-o-s, viv-i-mos, led-a-s. Os lexemas independentes forman palabras por si mesmos: avión, pan, cama, mazá, coche...

Morfemas flexivos

Achegan significados gramaticais e constitúen a parte variable da palabra. Expresan as categorías gramaticais de xénero e número en substantivos e adxectivos, así como a conxugación e desinencias de persoa-número e tempo nos verbos. Exemplos: xef-e, alt-a-s, cant-a-ba-mos.

Morfemas derivativos

Forman novas palabras uníndose aos lexemas e achegan significados de lugar, acción, negación, anterioridade... Os morfemas derivativos poden ser:

- **Prefixos**: Sitúanse antes ou despois do lexema, pero non cambian a categoría gramatical da palabra que modifican. Exemplos: ex-presidente, i-rregular, pre-lavado.
- **Sufixos**: Situados despois do lexema, cambian o significado das palabras e poden tamén alterar a categoría das mesmas. Exemplos: led-a-mente, branc-ura, barb-udo.

Sufijos alterativos (aumentativos, diminutivos e despectivos)

Non se consideran morfemas derivativos porque non crean novas palabras nin modifican o significado da palabra base. Matizan o significado do lexema engadindo nocións apreciativas ou de tamaño: hom-azo, cas-oupa, fest-óngord-ech-o. Moitos destes sufixos están lexicalizados: cidadela, costela, portela, colchón, cortello.

Entre o lexema e os sufixos poden aparecer, nalgúns casos, un fonema de unión denominado interfixo ou infixo, que une elementos sen significado e evita cacofonías. Tradicionalmente considerábase un morfema, pero non é correcto, pois carecen de significado. Exemplos de interfixos: en-s-anchar, nai-c-iña, can-c-iño, fum-ar-eda, pan-ad-eiro.

Interfixos

Entre o lexema e os sufixos poden aparecer, nalgúns casos, un fonema de unión denominado interfixo ou infixo, que une elementos sen significado e evita cacofonías. Tradicionalmente considerábase un morfema, pero non é correcto, pois carecen de significado. Exemplos de interfixos: en-s-anchar, nai-c-iña, can-c-iño, fum-ar-eda, pan-ad-eiro.

Ademais da clasificación anterior, os morfemas poden ser dependentes ou independentes:

- Morfemas gramaticais libres ou independentes: Constitúen palabras por si mesmos, pero non son lexemas: determinantes, pronomes, preposicións, conxuncións.
- Morfemas trabados ou dependentes: Precisan doutra morfemas para formar palabras: agarim-os-o, des-feit-a, cant-a-ba-s.

A FORMACIÓN DE PALABRAS

Se tivésemos que usar unha palabra para cada elemento distinto do mundo non habería capacidade para memorizar tantas palabras como posibilidades hai. Para iso, linguas como o galego usan unha serie de mecanismos morfolóxicos que axudan a reducir o inventario léxico e optimizar o uso da lingua.

DERIVACIÓN

Prefixación

Este procedemento consiste na creación de palabras novas mediante adición ao lexema dun morfema derivativo prefixo, que modifica o seu significado pero non a súa categoría gramatical. Adoitan ser de carácter culto, de orixe latina ou grega.

Abnegar, absterse, antepasado, ambivalente, bipolar, circumpolar, contraorde, deformar, descoñecer, extraoficial, extrafino, incivil, ilexible, embarcar, interdental, entremeter, interurbano, intramuscular, opor, perdurar, postoperatorio, prenatal, prolongar, pronome, recuar, rearmar, reafirmar, retrovisor, soportal, subliñar, sobrealimentar, supersónico, transbordar, trasladar, transformar, ultracorrección, vicepresidente...

LATINOS

antimonárquico, asimétrico, apostata, apétala, anfibio, antinéboa, arquipélago, arcebispo, catálogo, diapositiva, diafragma, disimetría, endógeno, eutanasia, hipérbole, hipoderme, macrocefalia, microbio, paramilitar, polimorfismo, periferia, simpatía...

Existen algúns casos especiais de prefixos (os chamados raíces prefixas) que na lingua orixinaria eran lexemas, mais posteriormente deixaron de empregarse illados, polo que adoitan considerarse prefixos cultos. Estes prefixos considéranse lexemas e forman compostos eruditos cando teñen, polo menos, unha destas características:

- Poden ir en posición inicial ou final: telégrafo, grafoloxía, ortografía, filosofía, bibliófilo.
- Poden combinar se entre si para formar palabras compostas filósofo, discografía, grafoloxía, ortografía, ortopedia, pedicura.
- Poden levar outros prefixos ou sufixos: grafismo, grafista.

Canto ao significado dos prefixos, podemos destacar os seguintes:

Prefixo	Significado	Exemplo
Anti-	Contrario a	Antinuclear, anticlerical...
In-	Negación de Inclusión/cara adentro	Inválido, inútil... Inmigrante, inhumar...
Micro- Macro- Mini- Super-	Tamaño	Microondas, microorganismo... Macrocomputador, macroeconomía... Minisaia, minibus... Supermercado, supersónico...
Auto-	De forma autónoma	Autobiografía, automóbil...
Mono- Bi-	Un Dous	Monotemático, monoteísta... Bimembre, bisexual...
Ante- Post- Pre-	Antes Despois Antes	Antemán, antebrazo, antonte... Postoperatorio, posguerra... Prehistoria, preescolar...
Extra	Fóra de/superlativo	Extraoficial, extraordinario

Prefixo	Significado	Exemplo
Hemi-	Metade	Hemiciclo, hemicraneal...
Pseudo-	Falso	Pseudociencia, pseudónimo...
Homo- Hetero-	Igual Distinto	Homófono, homosexual... Heteroxéneo, heterosexual...
Co-	Simultaneidade	Coexistencia, copiloto...
Sub-	Debaixo de	Subterráneo, subcutáneo...
Ultra-	Máis alá de	Ultrasón, ultradereita...
Peri-	Ao redor de	Periurbano, perímetro...

**Estes son algúns dos valores máis habituais dos prefixos, con todo, o máis operativo para resolver este tipo de exercicios é analizar semanticamente a palabra e interpretar o seu significado. Por exemplo, aínda que proto- non estea recollido nesta listaxe, podemos interpretar que ese prefixo en palabras como protoestándar ou prototipo ten un significado de “primitivo”.*

Sufixación

Este procedemento consiste na creación de palabras novas mediante adición ao lexema dun morfema derivativo sufixo, que modifica o seu significado e pode mudar a súa categoría gramatical.

Significado	Exemplo
Acción ou efecto de	-ción (abolición, admiración), -sión (agresión), -mento (coñecemento), -dura (botadura), -azo (carpetazo), -ido/a (ferida, engadido), -nza (doenza)
Axente Profesional de	-tor (actor), -dor/a (comunicador, adestradora), -eir (porteiro), -ista (dentista), -ante (comerciante), -or/a (agresor, pintor), -deira (abrazadeira), -ario (empresaria)

Significado	Exemplo
Xentilicio	-és (vigués), -án/-á/-ao/-ano (ourensán-á, limiao, americano), -ense (estradense), -ino (chantadino), -ego (manchego), -eiro (rianxeiro), -í (magrebí), -eo (europeo), -eno/a (chileno/a)
Lugar onde	-doiro (miradoiro), -dor (comedor), -eira (leñeira), -aría (panadaría)
Tempo / Época	-ada (noitada), -ía (invernía), -eira (sementeira)
Colectivo	-eira (toxeira, cabeleira), -al (piñeiral, xestal), -ado (alumnado), -ada (bandada), -ario (anecdótico), -axe (follaxe), -eiro (cancioneiro), -ame (velame), -dura (dentadura), -ento (armamento)
Caracterizadores	-udo (barbudo), -án/-á/-ana (mentirán, cristiá, folgazana), -eiro (trampulleiro, faladeiro), -oso (choroso), -ista (bromista), -nte (argallante), -ble/-bel (agradable/-bel), -ento (amarelento), -oso (cobizoso), -eiro (casadeiro), -ivo (progresivo), -ista (racista), -il (infantil), -oso (agarimoso), -oño (risoño), -eo (óseo), -iño (mariño)
Doutrina/Sistema	-ismo (consumismo, capitalismo, budismo)
Relativo a	-ado (dentado), -al (circunstancial), -ar (escolar), -ico (académica), -al (persoal, invernal)

**Estes son algúns dos valores máis habituais dos sufixos, con todo, ao igual que acontecía nos prefixos, o máis operativo para resolver este tipo de exercicios é analizar semanticamente a palabra e interpretar o seu significado.*

OBSERVACIÓNS:

- Nos adverbios rematados en mente (mans - a - mente), o elemento que aparece entre o lexema e o sufixo é un morfema flexivo de xénero feminino.
- Algúns substantivos e adverbios derivados de verbos, manteñen un resto da **vogal temática** que varía en función da conxugación do seu verbo de procedencia. Por exemplo: cantar > cantante, crer > crente, seguir > seguinte.

COMPOSICIÓN

Consiste na creación dunha palabra mediante a unión de dous ou máis lexemas. A composición pode ser de dúas clases:

- **Propia:** os constituíntes léxicos forman unha única palabra: cabodano, augardente, gardameta, vaivén, benestar, maldicir...
- **Impropia** ou **sintagmática:** os elementos teñen un único significado, mais non se fusionan. Poden ser dúas palabras sen elemento de unión (porco bravo, garda civil, peixe sapo...), dúas palabras cun elemento de relación (estrela de mar, arco da vella, pano de mesa...) ou dúas palabras unidas por un guión (árabe-israelí, político-social...)

PARASÍNTESE

Este proceso é un tipo especial de derivación no que se incorporan ao mesmo tempo un prefixo e un sufixo derivativo: *encadear*, *enriquecer*, *embarcar*... Pode encontrarse esa mesma estrutura morfolóxica en palabras que non sexan parasintéticas (transoceánico, incontábel...), que son palabras derivadas doutras á súa vez xa derivadas; nestes casos, o prefixo e o sufixo derivativo non se engaden de xeito simultáneo, senón sucesivo (océano > oceánico > transoceánico; contar > contábel > incontábel).

Para comprobar que estamos ante unha palabra parasintética, basta suprimir o prefixo e comprobar que a palabra resultante non existe. Collendo as palabras de antes (*encadear*, *enriquecer*, *embarcar*), trátase de parasíntese xa que **cadear*, **riquecer*, **embarco* non existen.

Por outra banda, algunhas gramáticas tamén consideran como parasintéticas aquelas palabras compostas á que lle aplica unha derivación posterior. Un exemplo disto é *paraugueiro*; neste caso temos unha palabra composta *parar + auga* á que se lle engade un sufixo derivativo.

ACURTAMENTO

Derivación regresiva

É un procedemento especial de derivación no que a palabra derivada, en lugar de engadir un morfema derivativo á palabra base, sofre un acurtamento do seu corpo fonético: pechar > peche, amarrar > amarre, obrigar > obriga... Trátase de substantivos formados a partir da eliminación de morfemas de verbos. O seu valor é de “acción ou efecto de” (captura, entrega, veda, peche, abandono, abaneo...)

É moi pouco frecuente en galego, xa que a tendencia habitual é derivar sempre mediante morfemas derivativos (subministrar > subministración e non **subministro*, apuntar > apuntamento e non **apunte*, desarmar > desarmamento e non **desarme*...).

As siglas

Son abreviaturas formadas polas iniciais de varias palabras. Adoptan o xénero da primeira palabra. Poden ser lidas en bloque (ESO, IVE, RAE, INEF, DOG) ou soletreadas (TVG, UXT, BNG).

A acronimia

É un tipo de formación de palabras consistente na combinación de letras e/ou sílabas de varias palabras creando unha única forma autónoma. Un proceso frecuente na acronimia é escoller os extremos opostos de dúas palabras: información automática > informática, motorista hotel > motel,automóbil ómnibus > autobús, poliéster galo > tergal, modulator demodulator > módem, telecomunicación informática > telemática...

Tamén se pode considerar acronimia a formación de palabras plenas a partir de siglas: ovni ('obxecto voador non identificado'), diu ('dispositivo intrauterino'), sida ('síndrome de inmunodeficiencia adquirida'). Pronúncianse como palabras comúns e só se escribe a primeira letra con maiúscula.

CLASES DE PALABRAS

Simples

Conteñen un lexema e, se for o caso, morfemas flexivos de xénero e número: *can, casas, gatas...*

Derivadas

Conteñen un lexema e, como mínimo, un morfema derivativo: *prehistoria, cantante...*

Compostas

Conteñen dous lexemas e, se for o caso, morfemas flexivos de xénero e número: *rañaceos, paraugas, sapoconcho...*

Parasintéticas

Conteñen dous lexemas e un morfema derivativo (*paraugueiro, botafumeiro*) ou un lexema e un prefixo e un sufixo colocado de forma simultánea (*empanada, acariñar, descarado...*)

A ESTRUCTURA DOS VERBOS

Os verbos, do punto de vista morfolóxico, teñen unha estrutura máis complexa cós substantivos ou cós adxectivos. Se nos substantivos podemos falar de palabras simples —aquelas que non teñen morfemas derivativos—, nos verbos, a ausencia de morfemas derivativos é tan significativa como a súa presenza. É por iso que nos verbos debemos falar de morfo Ø, xa que a ausencia de morfema, como veremos a continuación, tamén nos achega un determinado significado.

MORFEMAS DO VERBO

Raíz

É o elemento que porta a significación léxica do verbo. É o único constituínte que se encontra presente en todas as formas verbais.

Vogal temática

Constitúe o signo identificador da conxugación. Mediante ela podemos adscribir unha forma verbal determinada a unha das tres clases mórficas (conxugacións) existentes. Aínda que existe unha relación entre a primeira conxugación e a VT -a-, a segunda e a VT -e- e a terceira e a VT -i-, pode sufrir alteracións. Por exemplo, na P1 de presente de indicativo da primeira conxugación (*canto*) non aparece expresa e nalgúns verbos da segunda, é habitual que apareza a VT -i- (*bebías*).

Sufixo modo-tempo

É o formante do verbo que achega o significado relativo ao tempo verbal ao que pertence. Se collemos todas as formas de antepretérito, por exemplo, atopamos unha similitude moi grande (*cantara*, *cantaras*, *cantara*, *cantaramos*, *cantarades*, *cantaran*). Esa parte común, podemos interpretar que fai referencia ao modo e tempo ao que pertence o verbo.

Presente de indicativo → Ø → cant - a - Ø - mos, beb - e - Ø - mos
Copretérito → ba/a → cant - a - ba - s, beb - í - a - s, part - í - a - s
Pretérito de indicativo → Ø → (cant-a-Ø-ches)
Antepretérito → ra → (cant-a-ra-des)
Futuro de indicativo → re/ra → cant - a - rá - s, beb - e - re - i
Pospretérito → ria → cant - a - ría - Ø, part-i-ria-mos
Presente de subxuntivo → e/a → cant - Ø - e - s, beb - Ø - a - s)
Pretérito de subxuntivo → se → cant - a - se, part - i - se - n
Futuro de subxuntivo → r/re → cant - a - r - des, beb - e - re - n)
Imperativo → Ø → cant - a - Ø - de, beb - e - Ø - Ø
Infinitivo → r/re → cant - a - r - des, beb - e - re - n
Xerundio → ndo → cant - a - ndo - Ø, viv - i - ndo - Ø
Participio → do → cant - a - do - Ø, viv - i - do - Ø

SMT

Sufixo número-persoa

É o formante do verbo que achega o significado relativo ao axente que desenvolve a acción do verbo e clasifica as formas en seis persoas (eu, ti el/ela, nós, vós, eles/elas). Facendo unha analoxía co SMT, nas formas verbais *cantamos*, *cantabamos* e *cantemos*, atopamos unha cuestións común: quen desenvolve a acción é un *nós* e ese significado podemos atribuírlo a ese morfema *-mos*.

Persoa	Formas
P1	<p>Morfema habitual → ∅ → cant - a - ba - ∅</p> <p>Presente de indicativo → o → cant - ∅ - ∅ - o</p> <p>Pretérito e futuro → i → cant - e - ∅ - i, beb - e - re - i</p> <p>Pretérito → n → viv - í - ∅ - n</p>
P2	<p>Morfema habitual → s → cant - a - rá - s</p> <p>Imperativo → ∅ → cant - a - ∅ - ∅</p> <p>Pretérito perfecto → ches → beb - i - ∅ - ches</p>
P3	<p>Morfema habitual → ∅ → cant - a - ra - ∅</p> <p>Pretérito → u/o → beb - e - ∅ - u, fix - ∅ - ∅ - o</p>
P4	<p>Morfema habitual → mos → cant - a - ba - mos, viv - i - ∅ - mos</p>
P5	<p>Morfema habitual → des → beb - e - ∅ - des</p> <p>Pretérito → stes → viv - i - ∅ - stes</p> <p>Imperativo → de → cant - a - ∅ - de</p>
P6	<p>Morfema habitual → n → cant - a - rá - n</p> <p>Pretérito → ron → beb - e - ∅ - ron</p>

AS RAÍCES DOS VERBOS IRREGULARES

Algúns verbos presentan distintas raíces dependendo do seu tempo verbal, estes son os chamados verbos irregulares. Deste modo, “Eu *fago* ben de comer”, mais “*Farei* unha robaliza ao forno porque onte xa *fixen* carne”. Nestas oracións observamos como o verbo facer presenta tres raíces diferentes. Na seguinte táboa pódense ver os verbos irregulares máis comúns.

Verbo	Raíz 1	Raíz 2	Raíz 3
Parir	Par-	Pair-	
Valer	Val-	Vall-	
Pracer	Praz-		Proug-
Caber	Cab-	Caib-	Coub-
Poder	Pod-	Poid-	Puid-
Querer	Quer-	Queir-	Quix-
Traer	Tra-	Trai-	Troux-
Dar	D- / Do-	De-	
Dicir	Diz- / Di-	Dig-	Dix-
Estar	Est- / Esto-	Este-	Estiv-
Facer	Faz- / Fa-	Fag-	Fix-
Haber	Hab- / He-	Hax-	Houb-
Pór	Poñ- / Po-	Puñ-	Pux-
Ter	Te- / Teñ-	Tiñ-	Tiv-
Ir	I- / Vo-	Va- / Vai-	Fu- / Fo-

Exercicios de morfoloxía

1. Indica os prefixos que se atopan nestas palabras. A continuación indica o seu valor.

- subliñar:
- subcutáneo:
- intravenoso:
- antinatural:
- ateo:
- embarcar:
- retrotraer:
- policlínico:
- sobrealimentar:
- desfacer:
- consogro:
- supermercado:

2. Sinala os lexemas e os morfemas dos seguintes substantivos.

- inxusto:
- culleres:
- festeiro:
- casamento:
- amiguiño:
- aterraxe:
- extraescolar:
- camiñante:

3. Relaciona cada palabra co significado do sufixo derivativo.

- | | | |
|--------------|---|------------------|
| Alborada | • | • Temporal |
| Escritor | • | • Colectivo |
| Preguiceiro | • | • Profesional |
| Roupaxe | • | • Xentilicio |
| Vertedoiro | • | • Locativo |
| Fisterrán | • | • Abstracto |
| Adiantamento | • | • Caracterizador |
| Beleza | • | • Acción |

Exercicios de morfoloxía

4. Clasifica as seguintes palabras en simples, derivadas, parasintéticas ou compostas.

- lúa:
- puñalada:
- porco bravo:
- portavultos:
- empanada:
- impropio:
- fermosura:
- bolboreta:
- engaiolar:
- embarcar:
- benvida:
- paraugas:
- xogador:
- paraugueiro:
- nenez:
- moza:
- xirasoles:
- laranxeira:
- rato:
- portaavións:
- supermercado:

5. Fai unha segmentación formal dos seguintes verbos:

- cantou
- fixemos
- acostumaron
- mirabamos
- quixesen
- ía
- houber
- dardes
- vallo
- coubemos
- viviredes
- viaxemos

6. Indica se as abreviacións son siglas ou acrónimos e indica o seu significado.

- O meu avó sempre vai ás viaxes do Imserso.
- A que non sabías o que significaba Seat?
- A ONU aínda non tomou partido polo fin do xenocidio.
- Chamei ao Seprona para denunciar a situación deses animais.
- A RAG e o ILG fixeron as NOMIG en 1982.
- O de Cambeo é un CEIP, un IES ou un CPI?
- A UEFA e a FIFA non chegaron a un acordo.
- Desfixéronlle a mancha da cara cun láser.

Practica...

Coma todos os anos, o pasado 17 de xuño a ONU conmemorou os esforzos que se desenvolven en todo o mundo para frear o avance dos desertos e da seca. Fíxoo a través do World Day to Combat Desertification and Drought, e foi esta denominación a que nos deu o tema para o apuntamento de hoxe: se queremos citala en galego debemos usar desertización, desertificación ou calquera das dúas?

Para atopar unha resposta temos que rastrexar uns cantos dicionarios. O Dicionario da RAG e algún outro só recollen desertizar e/ou desertización, sen facer referencia ningunha a "desertificación", nin para indicar que significan o mesmo nin para desaconsellar o seu uso. Temos que ir a TERGAL para atopar -tamén co aval da RAG- as dúas formas, cada unha delas cun significado particular. Mentres que a desertización se define como o proceso de conversión en deserto provocado por un 'cambio progresivo do clima', a desertificación débese á 'destrución da vexetación e do solo producida pola acción do home'.

Parece logo, que a recomendación para o galego é a de diferenciar os dous substantivos, segundo a man humana teña ou non un papel directo na formación do deserto.

Esta diferenciación recoméndase tamén en fontes portuguesas ou catalás, pero outras linguas veciñas optan por ignorala, de xeito máis ou menos explícito. É explícito o castelán, pois o Dicionario da RAE trata desertizar e desertificar como sinónimos; e non o é tanto o inglés, lingua en que se discute a pertinencia da diferenciación, aínda que na práctica desertification emprégase maioritariamente para nomear calquera proceso de conversión en deserto, con independencia do axente causante.

En calquera caso, e con independencia do que se faga noutras linguas, en galego é pertinente manter a diferenciación entre desertización e desertificación, así que o que a ONU celebrou o pasado 17 de xuño foi o Día Mundial de Loita contra a Desertificación e a Seca.

Rodríguez, X. (2022) "Desertización ou desertificación: o deserto faise ou facémolo?" Un idioma preciso. GCiencia

1. Indique, coas súas palabras, a diferenza no uso dos termos "desertización" e "desertificación" no galego, o castelán e o inglés, e a proposta final do autor do texto para a lingua galega. (60 palabras)
2. Indique a estrutura interna do texto. Resuma brevemente o contido de cada parte e as liñas do texto coas que se corresponde. (60 palabras)
3. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto.
4. Elabore un esquema de ideas principais e secundarias.
5. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e secundarias e sen parafrasear o artigo. (60 palabras)
6. Indique a intencionalidade do texto.
7. Indique e explique a tipoloxía textual e o xénero discursivo do texto. (60 palabras)
8. A partir dos acrónimos que aparecen no texto, explique a importancia que teñen na formación de palabras na actualidade e defina dous deles.
9. Tendo en conta os termos desertizar e desertificar, que significado achegan os seus afixos?
10. Analice morfoloxicamente as palabras marcadas no texto indicando o significado dos seus afixos e indique o tipo de palabra.